



“ABERTO O PRAZO DE MATRÍCULA NA ESCOLA DAS ARTES ESCÉNICAS DE CANGAS”

Cangas, 13/10/2016

A Concellaría de Cultura e Normalización Lingüística do Concello de Cangas informa da apertura do prazo de Matrícula na Escola das Artes Escénicas de Cangas para o curso 2016/17, entre os meses de novembro e xuño.

As clases, como en anos anteriores, desenvolveranse no Auditorio Municipal de Cangas en horario de tarde. O profesorado é altamente cualificado, cunha gran experiencia teatral. Impartirán as clases Sonia Rúa e Casilda Alfaro (Teatro de Ningures).

Haberá tres modalidades:

- Interpretación: destinada a maiores de 18 anos. Martes de 19:00 a 21:00 horas. Os obxectivos deste curso son dotar ao alumnado dun abano de ferramentas necesarias para a interpretación, mediante exercicios prácticos que pretenden fomentar a capacidade de concentración, memoria, oratoria e expresión, creatividade, imaxinación, etc. Imparte: Sonia Rúa.
- Teatro para os máis novos: destinado a nenos e nenas de 13 a 17 anos. Mércores de 19:00 a 21:00 horas. Os obxectivos deste curso son fomentar a capacidade de expresión oral e corporal, o traballo en equipo, o respecto polo traballo propio e alleo, a capacidade de relacionarse cos demais, a asistencia a espectáculos teatrais a lectura de textos teatrais. Imparte: Sonia Rúa.
- Posta en escena dunha montaxe teatral: destinada a maiores de 18 anos con experiencia teatral. Xoves de 19:00 a 21:00 horas e sábados de 11:00 a 13:00 horas. Este curso ten como obxectivo a montaxe e representación dun espectáculo teatral, intentando que o alumnado pase por todo o proceso de creación dende a lectura inicial do texto ata a posta en escena definitiva con público. Imparte: Casilda Alfaro.

As prazas que se ofertan son limitadas e outorgaranse por rigorosa orde de petición. O prezo do curso será de 15 € por matrícula e 15€ cada mensalidade nos talleres de interpretación e teatro para os máis novos e mensuralidades de 20€ para a posta en escena dunha montaxe teatral.

A inscrición realizarase no Auditorio Municipal de Cangas en horario de 10:00 a 13:00 horas e 17:00 a 21:00 horas e o prazo rematará o venres 28 de outubro.

Gabinete de comunicación